



Paraíso
entre ríos

INFORMACIÓN MUNICIPAL

Un dos principais retos que queremos conseguir, e para o que estamos a poñer tódolos medios ó noso alcance, é o de facer de Paderne un modelo de Concello verde, saudable e sostible.

Considero que a nosa obriga é a de aumentar a calidade ambiental, reducir a contaminación e mellorar a calidade de vida e o benestar das persoas, así como xerar riqueza coa creación de emprego e o aumento das oportunidades de ocio e turismo.

Para conseguir esta mellora da calidade de vida, estamos a adoptar importantes medidas; unha delas é a de facilitar oportunidades laborais para que a nosa xuventude teña traballo, se asente poboación e esta teña futuro. Así, estamos a traballar centrando os esforzos na incubadora de empresas baseada na explotación dos nosos recursos; os que proporciona o mar e o campo, ademais da creación do espazo coworking que aglutine e facilite o intercambio de experiencias entre tódolos emprendedores.

Outra das importantes medidas, a orientada á mellora da calidade medioambiental, require da colaboración de todos. Así, o reciclaxe, convértese nunha ferramenta fundamental neste modelo de territorio que responda á filosofía dun espazo Reserva da Biosfera. Levamos desenvolvendo moitas campañas de sensibilización, información e concienciación para que estes conceptos pasen a ser un hábito rutinario e formen parte dunha filosofía de vida.

Outro dos piares fundamentais para o noso desenvolvemento é a auga. Desde o Concello estamos a poñer medidas para a mellora da rede de abastecemento e a súa xestión pero, unha vez máis, é imprescindible a concienciación de cada un de nós a fin de adoptar conductas que leven a un racional aproveitamento deste importante recurso.



E, por suposto, o coidado do medio ambiente pasa pola protección que todos e cada un de nós debe facer para loitar contra os incendios forestais. O monte é unha importante fonte de riqueza; protexe as nosas terras contra a deforestación, coída a nosa saúde, alimenta unha importante fauna autóctona e, en momentos difíciles, convértese no sustento de moitas familias. Por iso é tan importante que cumpramos coas obrigas de limpeza e coidado que marca a Lei mantendo as nosas propiedades nunhas condicións axeitadas.

*Un Concello cunha filosofía de coidado e respecto polo medio ambiente que sempre foi innovador na comarca. Un Concello que queremos manter de exemplo para todos e do que nos sentimos orgullosos; un **Concello verde, modelo nesta Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.***

Un abrazo do voso Alcalde

Concerto de Nadal

Este concerto, presidido polo Alcalde acompañado polo seu Equipo de Goberno, marcou o inicio dos actos de Nadal en Paderne.

Co aforo completo do Salón de Sesións, a música de Mijail Moriatov conseguiu emocionar, un ano máis, a tódolos asistentes.

Festa de Nadal

O 20 de decembro o Concello ofreceu unha festa para os pequenos das escolas de Educación Infantil e menores de 3 anos sen escolarizar.

Desde as 11:00 h, talleres diversos entre os que destacaron os de pintura e globoflexia, malabares e xogos con música, completaron unha xornada na que a visita de Papá Noel, que veu a recoller as cartas dos pequenos, marcou esta divertida mañá.

A Concelleira de Cultura con nenos das escolas de Areas e Viñas despois da entrega de cartas a Papá Noel



Aulas de Conciliación

Desenvolvéronse durante o período de Nadal, para tódolos menores de entre 3 e 12 anos empadroados no municipio.

Un servizo que ven a facilitar a conciliación da vida familiar e laboral a todas aquelas familias nas que ambos proxenitores traballan.

O Alcalde cos nenos e nenas que asistiron ás Aulas durante as vacacións de Nadal



Cabalgata de Reis

Foi o día 4 de Xaneiro cando as Sús Maxestades chegaron a Paderne. O Alcalde, recibiu nos na Casa do Concello antes do seu percorrido por tódalas parroquias. Ás 18:45 h fixeron a entrada no polideportivo municipal onde tiveron lugar os actos programados para esta celebración no transcurso da cal o Alcalde e os Concelleiros entregaron os premios ós nenos e nenas que participaron no concurso de debuxo e fotografía. Talleres diversos para nenos e animación con música e mascotas axudaron a que todos pasaran unha tarde divertida.

As Sús Maxestades na Casa do Concello



PAS Adicional 1/2015

Por un importe de **31.747,18 €**, para a "**Adquisición de xogos infantís para os parques infantís de Areas e o Adro**" paliando así as deficiencias que actualmente presentan producidas polo desgaste propio do uso ou o paso do tempo.

Tanto o parque infantil de Areas, na parroquia de Adragonte, como o parque infantil do Adro, na parroquia de Velouzás, verán melloradas as súas instalacións coa reposición de varios elementos que contribuirán ó benestar e disfrute dos nenos que as utilicen.

Plan Provincial de Medio Ambiente 2016

A través deste Plan Provincial de Medio Ambiente e por un importe de **8.635,87 €**, vaise a realizar a **Mellora e Reparación da Depuradora de Porto**.

O seu obxecto é dar unha solución ás deficiencias detectadas perfeccionando os sistemas de tratamento de augas residuais co fin de facilitar o correcto funcionamento desta depuradora, o que repercute tamén nunha mellora da calidade ambiental do municipio e, polo tanto, na calidade de vida das persoas.

Paderne: Contra o Cambio Climático na Reserva da Biosfera

O día 21 de febreiro os nenos e nenas das Escolas de Educación Infantil de Paderne, van a participar nunha xornada que o Concello organiza para eles na Aula da Ría de Chantada e o Observatorio de Aves de Souto.

O seu obxectivo é o de fomentar os valores de respecto, coidado e compromiso desde as primeiras idades a través dunha serie de actividades que os leven a establecer relacións profundas e afectivas co medio ambiente.

A actividade estará centrada na identificación das especies máis comúns na zona desde a súa observación nun entorno único da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Observaremos a marisma e as diversas especies acuáticas e migratorias que habitan un ecosistema de gran valor ecolóxico achegando ós pequeniños ó coñecemento do medio; intentaremos recoñecer a maior cantidade de especies posible coa utilización de prismáticos e telescopio.

Servizo de Podoloxía para os Socios do Centro de Maires

A partires do día 6 de febreiro comeza unha nova tempada de **PODOLOXÍA** da que poden beneficiarse, sen custe algún, os socios do Centro de Maires.

O seu horario será o seguinte:

Luns e martes.- 10:00 – 14:00 h e de 15:30 a 18:00 h

Mércores.- 15:30 – 19:30 h

Prestación Económica de Pagamento Único por Fillos Menores de tres anos

Poderán beneficiarse destas axudas as persoas con fillos menores de 3 anos nados entre o 02/01/2015 e o 01/01/2018 que non teñan presentado a declaración de renda do ano 2016.

A contía das axudas é a seguinte: polo 1º fillo/a 360 €, polo 2º fillo/a 1.200 € e polo 3º fillo/a 3.600 €.

O prazo de solicitude vai desde o 1 de febreiro ata o 1 de marzo. Os interesados poden dirixirse á Oficina Municipal de Servizos Sociais.

Renovación do D.N.I.

Os días **4, 5, 6, 9 e 10** de abril de 2018, e a fin de facilitar a renovación do documento nacional de identidade (D.N.I.) a tódalas persoas, desprazarase ata Betanzos, o Equipo Móbil do DNIE, para a expedición dos oportunos documentos.

A estes efectos, os interesados deben deixar o seu NOME, APELIDOS, Nº de D.N.I. e Nº de teléfono. A Inscripción debe realizarse no Concello de Betanzos. Estímase un cupo diario de 55 solicitudes.

Campaña de Inverno 2018

Novamente, os rapaces de Paderne van a ter a posibilidade de pasar uns días na estación de esquí de Manzaneda, en Ourense, a través do programa "Campaña de Inverno 2018" da Deputación da Coruña, practicando actividades de esquí xunto con outros rapaces da provincia.

O Concello de Paderne participa na terceira quenda, do 23 ó 26 de febreiro. Os participantes deben aboar unha cota de 85 € na que están incluídos tódolos gastos derivados da actividade como estadía, manutención, monitores, remontes, clases de esquí, material e seguros.

No caso de que o tempo non permita realizar actividades ó aire libre, o programa inclúe actividades complementarias para que os participantes leven un bo recordo destes días de convivencia.

Obradoiro sobre o Aforro de Luz no Fogar

O Concello pon a disposición das persoas do municipio, a posibilidade de participar nun obradoiro formativo en relación co aforro enerxético no fogar.

Será o 20 de marzo ás 18:30 h na Casa do Concello e tratará os seguintes temas:

- Comprender a factura da luz e optimizala segundo as necesidades de cada familia
- Mostrar opcións para pequenos cambios nas vivendas que supoñan aforro
- Pautas de comportamento que possibiliten este aforro
- Bono social e outras axudas

Os interesados teñen ata o 15 de marzo para inscribirse podendo realizalo na oficina municipal de servizos sociais. O aforo está limitado a 20 persoas.

Normas para o uso sostible da auga

A auga resulta un recurso vital, limitado e escaso; esta pasada tempada de seca así quedou demostrado e, tomar medidas para o seu aforro, convértese nun comportamento imprescindible para seguir satisfacendo as nosas necesidades.

O cambio climático está impondo tamén cambios imprescindibles nos nosos hábitos diarios así como unha conciencia de respecto cara ó medio ambiente que debemos manter como filosofía de vida, e máis, nun territorio Reserva da Biosfera que temos a obriga de coidar.

Reducir a pisada ambiental é fundamental para o mantemento dos recursos; podemos satisfacer as nosas necesidades sen malgastar bens tan prezados e imprescindibles para a vida como a auga, por iso vamos a recordar algúns consellos básicos que podemos e debemos adoptar cada un de nós:

- ✓ Revisa o sistema de canalización de auga da túa vivenda por si presenta fugas.
- ✓ Fai uso de sistemas de recolección de auga de choiva para o seu uso en hortas e xardíns
- ✓ Non uses o inodoro como papeleira. Aforrarás de 6 a 8 litros de auga e evitarás a sobrecarga das depuradoras de augas residuais.
- ✓ Elixo a ducha en lugar do baño e aforrarás unha media de 60 litros de auga.
- ✓ A lavadora e o lavavaixelas ponos a plena carga, consumirás unha media de 80 litros menos.
- ✓ Emprega dispositivos aforradores de auga (difusores, redutores de caudal...)
- ✓ Pecha a villa cando laves os dentes e te afeites
- ✓ Cando laves as verduras que vas a cociñar ou as froitas que vas a comer, podes colocar un recipiente para ir aproveitando esa auga para regar as plantas
- ✓ Para poder beber auga fresca en época estival, unha boa opción é ter sempre unha xarra no frigorífico e así non ter que deixar correr a auga ata que veña fría.
- ✓ Educa ós teus fillos no aforro da auga
- ✓ Non contamines a auga. Pinturas, disolventes, aceites ou medicamentos teñen un custe medioambiental alto; debes depositalos nos sitios sinalados.
- ✓ Mentres esperamos que chegue a auga quente para ducharnos podemos recollela para darlle outros usos.
- ✓ Cando marches de viaxe recorda pechar a chave da auga para evitar posibles fugas

Entroido en Paderne

O día **14 de febreiro** celebramos a festividade do Entroido cunha festa no Telleiro a partires das **20:30 h**. Como novidade, contaremos coa colaboración dos alumnos de música da UNED que, xunto co seu profesor, animarán o comezo da festa.

Haberá, como en cada edición, premios para os tres primeiros clasificados, tanto na modalidade de grupo como en individual así como tres premios para os disfraces infantís.

Degustaremos empanada de bacallao e bonito, bola de doce, viño e queimada, todo de Paderne.

Fogos artificiais e, o mellor de todo: **a túa asistencia!!!!**

Non te perdas este día e ven a pasalo ben.



IX Aniversario do Centro de Maires

Será o mércores día **6 de marzo** para tódolos socios do Centro de Maires.

A xornada dará comezo ás 11:00 h coa recollida dos asistentes polas parroquias para dirixirse a Oleiros e realizar unha visita ó Castelo de Santa Cruz. A comida e o baile será nun restaurante dunha localidade cercana.

O custe é de **25 €** e os socios que desexen asistir teñen ata o día 1 de marzo para inscribirse chamando ás oficinas municipais.

Día da Muller

Celebrarémolo o vindeiro **día 12 de marzo ás 20:00 h** cun acto nas dependencias do Centro de Maires ó que están invitadas tódalas persoas do Concello.

Realizarase un repaso ó papel da muller ó longo do tempo ata os nosos días e despois visualizaremos algunha das proxeccións gañadoras do I Concurso de Proxectos Audiovisuais Vidas Mariñeiras convocado polo Galp Golfo Ártabro Norte do que o Alcalde é Vicepresidente.

Os que desexen asistir, poden realizar a súa reserva ata o día 8 de marzo.

Excursión a Pontevedra e Combarro

O programa "Paderne en Familia" ten prevista a primeira excursión deste 2018 á cidade de **Pontevedra** e á localidade de **Combarro**.

Durante a xornada de mañá, coñeceremos Pontevedra a través das explicacións dunha guía que nos levará por algúns puntos destacados como a Alameda, a Basílica de Santa María, a Capela da Peregrina, a Praza da Ferrería, a Praza das Cinco Rúas ou a Praza da Liberdade.

Pola tarde, visitaremos o pobo mariñeiro de Combarro no corazón das Rías Baixas, declarado ben de interese cultural como Conxunto Histórico no que destacan a gran cantidade de hórreos ben conservados e cruceiros.

Será o día **25 de febreiro** coa saída da Casa do Concello ás **8:00 h** para recoller ós asistentes polas distintas parroquias.

A data límite para apuntarse é o **18 de febreiro**; o custe é de **30 €** persoa.